



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Educación artística e a súa didáctica	Código	652G02015	
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Suarez Brandariz, Roberto	Correo electrónico	r.sbrandariz@udc.es	
Profesorado	Calviño Santos, Guillermo Francisco	Correo electrónico	guillermo.calvino@udc.es	
	Mesías Lema, José María		jose.mesias@udc.es	
	Suarez Brandariz, Roberto		r.sbrandariz@udc.es	
Web	www.udc.es/sotanodelarte			
Descrición xeral	A finalidade de calquer proxecto formativo, así como o plantexamento desta materia, debe implicar aos estudantes nun proceso de aprendizaxe persoal que traspase os créditos da materia, para dotalos dunha estrutura metodolóxica que lles permita desenvolver a súa futura profesión de forma creativa como mestres de primaria. Precisamente, o motor desta proposta docente é brindar oportunidades de aprendizaxe, de descubrimento de novos saberes, de experimentación e coñecemento dos fenómenos artísticos na educación, en base as motivacións do alumnado. Ademáis, a intención desta materia é que o alumnado entenda o ensino como un proceso artístico, con carácter propio.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos: Non se realizarán cambios. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: - Lecturas - Investigación - Sesión Maxistral *Metodoloxías docentes que se modifican: - Prácticas de laboratorio - Obradoiros Ambas metodoloxías tomarán a forma de Traballos Tutelados 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado ? Correo electrónico: De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. ? Moodle: Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia. ? Moodle e/ou Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. De 1 a 2 sesións semanais en pequeno grupo, para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia. 4. Modificacións na avaliación: Mantense as ponderacións. En relación cos traballos tutelados valorarase: ? A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. - A profundidade do contido. - O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas. - O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. - A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. - A presentación e a claridade da exposición. *Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que: - As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial. 1. SITUACIÓNS: A) Alumnado con dedicación completa: Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (100%). B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212): Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (100%). REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA: 1. Asistir e participar regularmente nas actividades da clase. 2. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados).
-----------------------------	--



3. Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique.
4. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.
5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A53	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde as artes.
A54	Coñecer o currículo escolar da educación artística, nos seus aspectos plástico, audiovisual e musical.
A55	Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades musicais e plásticas dentro e fóra da escola.
A56	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes aos estudantes.
B1	Aprender a aprender.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
B12	Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia.
B13	Lectura e interpretación de imaxes.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Comprender los principios que contribuyen a la formación cultural, personal y social desde las artes.	A53		
Conocer el currículo escolar de la educación artística, en sus aspectos plásticos.	A54		
Adquirir recursos para fomentar la participación a lo largo de la vida en actividades plásticas dentro y fuera de la escuela.	A55		
Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes aos estudantes.	A56		
Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado		B24 B25	
Aprender a aprender.		B1	
Capacidad de comprensión de los distintos códigos multimedia y manejo de las herramientas informáticas.		B11	
Capacidad de selección, de análisis, de evaluación y de utilización de distintos recursos en la red y multimedia.		B12	
Lectura e interpretación de imaxes.		B13	
Capacidad para utilizar diversas fuentes de información, seleccionar, analizar, sintetizar y extraer ideas importantes y gestionar la información		B15	
Comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral		B21	



Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes.		B22	
Ser capaz de introducir a perspectiva da educación para o desenvolvemento nas propostas de animación á educación visual desenvolvidas nas aulas combinando, deste xeito, o carácter lúdico e de goce que a plástica debe proporcionar, xunto cunha actitude crítica e comprometida coa realidade que nos rodea.		B23	
Capacidad para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar y extraer ideas importantes y gestionar la información			C3
Entender la importancia de la cultura emprendedora y conocer los medios al alcance de las personas emprendedoras			C5
Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida.			C7

Contidos	
Temas	Subtemas
SIGNIFICADO DA LINGUAXE GRAFO-PLÁSTICO. DESENVOLVEMENTO DAS FACULTADES CREATIVAS E PERCEPTIVAS. PUNTO, LÍNEA, PLANO, TEXTURA, COR E COMPOSICIÓN	A EDUCACIÓN DAS ARTES VISUAIS COMO OBXECTO DE ESTUDO: Concepto interdisciplinar da Educación Artística. Perspectiva histórica da Educación Artística. Teorías da evolución artística no E. Primaria. Teorías do ensino do arte. Procesos de aprendizaxe artístico en Primaria. Campos de aprendizaxe: productivo, crítico e cultural. Elementos da linguaxe visual. Descubrimento e investigación bidimensional e tridimensional de materiais e técnicas en Educación Artística: pintura, fotografía, debuxo, novas tecnoloxías, etc.
DESENVOLVEMENTO DA CAPACIDADE DE EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN.	ARTE CONTEMPORÁNEA E CULTURA VISUAL COMO DETONANTE DA EDUCACIÓN ARTÍSTICA: Arte contemporánea e cultura visual. Estética relacional e cultura visual na etapa da E. Primaria. Instalacións, net-art, video-art, performance, etc. Posmodernidade na arte contemporánea e na educación. Museos e artistas. Departamentos de Educación dos museos. Obradoiros artísticos nos museos.
PROCEDEMENTOS E TÉCNICAS.	O CURRÍCULO ARTÍSTICO BASEADO EN PROXECTOS: Currículo de E. Primaria. Metodoloxía a/r/tography. Elaboración e exemplificación de proxectos artográficos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A53 A54 B11 B13	6	18	24
Investigación (Proxecto de investigación)	A56 B11 B12 B21 B24 B25 C3	4	20	24
Prácticas de laboratorio	A55 B1 C3	8	30	38
Sesión maxistral	B15 C5 C7	1	5	6
Obradoiro	A56 B1 B22 B23 C3	24	26	50
Atención personalizada		8	0	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Selección de textos básicos de lectura obrigatoria para a realización dos diferentes proxectos propostos.
Investigación (Proxecto de investigación)	Elaboraranse proxectos artísticos ao longo da materia.
Prácticas de laboratorio	Entendendo esta metodoloxía como un laboratorio de artistas.



Sesión maxistral	Exposición dos contidos que conforman a Educación Artística como obxecto de estudo.
Obradoiro	Levarase a cabo diferentes obradoiros artísticos que irán conformando cada un dos proxectos que ten que presentar o estudante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Investigación (Proxecto de investigación) Prácticas de laboratorio	A realización dos proxectos artísticos conleva un seguimento personalizado por parte do profesor acerca dos procesos persoais dos estudantes.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A53 A54 B11 B13	Mediante unha proba escrita o alumno deberá dar conta dos contidos das lecturas	30
Investigación (Proxecto de investigación)	A56 B11 B12 B21 B24 B25 C3	Avaliación dos proxectos	70

Observacións avaliación
Sen dúbida, existen infinidade de formas e maneiras de avaliar, tantas como metodoloxías de ensino-aprendizaxe. Nesta guía docente plantexouse a educación como un proceso artístico, polo que a avaliación que aquí se plantexa, coherentemente, mana desde esta perspectiva. Deste xeito, tal e como plantexa Eisner (1995: 188), "a avaliación é unha ferramenta educativa mediante a cal pode exercerse a intelixencia profesional en beneficio dos estudantes". Isto ven a demostrar que avaliar é cuestión de dous implicados: estudantes e o profesor, polo que os criterios deben ser reflexionados e acordados en grupo. Ademais, en ocasións se lles pedirá ao alumnado que elaboren autoavaliacións, mediante unha reflexión persoal e crítica dos procesos que experimentaron. Como se pode intuír, esta materia implica un compromiso forte do estudante co seu propio proceso de aprendizaxe artístico. Deste xeito a asistencia a clase resulta necesaria, non como unha obriga -que tamén o é no espazo europeo de educación superior-, dado que os procesos vivíranse na propia aula e o transcurso da materia írase construindo entre todos. A asistencia non é un formalismo, senón que se exige a participación activa e crítica do alumno dentro do marco da aula. Tendo en conta isto, como criterios de calificación, haberá que aprobar todos os proxectos por separado para superar a materia. Na calificación final, a parte da nota media obtida nos proxectos, de maneira cualitativa terase MOI EN CONTA o grado de implicación do alumnado, de experimentación, de autoexigencia, de satisfacción persoal así como a capacidade de síntese e reflexiva do estudante ao longo do curso. O alumnado NON presencial (entendendo por tal aquel que pola causa que sexa non poda cumprir coas exixencias de asistencia mínimas) terá dereito a un exame teórico-práctico (Deberá, así mesmo, realizar todos os proxectos que se describan no Moodle da materia que entregará na data oficial de exame), que versará sobre os bloques de contidos. Para resolver esa proba o alumno/a conta coa bibliografía existente nesta guía docente. Recoméndase os envíos dos traballos telematicamente e de non ser posíbe, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dúpla cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Acaso, M. (2009). LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA NO SON MANUALIDADES. Madrid: Catarata - Acaso, M. (2006). EL LENGUAJE VISUAL. Barcelona: Paidós - Agra, M.J (2003). LA FORMACIÓN ARTÍSTICA Y SUS LUGARES. Educación Artística, Revista de Investigación. - Agra, M.J (1999). O ESPAZO DA ARTE NA EDUCACIÓN. Santiago de Compostela: USC. - Agra, M.J (2007). LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA EN LA ESCUELA. Barcelona: Graó - Calaf, R. & Fontal, O. (2010). CÓMO ENSEÑAR ARTE EN LA ESCUELA. Madrid: Síntesis - Careri, Francesco (2013). WALKSPACES, EL ANDAR COMO PRÁCTICA ESTÉTICA. Madrid, GG - Efland, Freedman & Stuhr (2003). LA EDUCACIÓN EN EL ARTE POSMODERNO. Barcelona: Paidós - Huerta, R. (2001). ESPIRITU DE TRASATLÁNTICO, CONDICIÓN DE PATERA. Revista Aula, nº 106. - Eisner, E. (2004). EL ARTE Y LA CREACIÓN DE LA MENTE. Barcelona: Paidós - Eisner, E. (1995). EDUCAR LA VISIÓN ARTÍSTICA. Barcelona: Paidós - Marín Viadel, R. (2003). DIDÁCTICA DE LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA. Madrid: Pearson Education - Marín Viadel, R. (2000). DIDÁCTICA DE LA EXPRESIÓN PLÁSTICA O EDUCACIÓN ARTÍSTICA. Madrid: Síntesis - Mirzoeff, N. (2003). INTRODUCCIÓN A LA CULTURA VISUAL. Barcelona: Paidós
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Asistencia, participación activa, compromiso, responsabilidade, autoexigencia e apertura de miras por aprender novas metodoloxías.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías